

XUNTANZA COS GRUPOS PARLAMENTARIOS

20 de novembro de 2017

Na pasada semana as OOSS FSIE, FeSP UGT, CCOO Ensino, FEUSO e CIG Ensino mantivemos xuntanzas con todos os grupos parlamentarios galegos para manifestarlles as nosas inquedanzas co proxecto de orzamentos do ano 2018, darlles a coñecer a problemática dos traballadores do ensino concertado e solicitarlles apoio na derogación do parágrafo terceiro do artigo 53.2 e da disposición adicional novena do citado proxecto de orzamentos.

O artigo 53.2, parágrafo terceiro impide negociar acordos para o aboamento de PEA e a disposición adicional novena impide o aboamento da Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do 2 % no complemento retributivo da comunidade autónoma e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa (acordo asinado co Goberno do Bipartito e derogado polo Partido Popular).

O luns xuntámonos co P.S. de Galicia, que se comprometeu a elaborar unha moción onde se pedise a supresión destes contidos que van directamente en contra do persoal do ensino concertado.

O martes recibíronnos En Marea, PP e BNG. A cordialidade foi absoluta nos tres casos. En Marea e BNG manifestaron o seu apoio, xa que entenden que é unha discriminación intolerable contra os dereitos dos traballadores da concertada.

O Partido Popular asegurou entender as nosas propostas e argumentacións e comprometéronse a trasladalo ao goberno, sen máis. Con total sinceridade, o que é de agradecer, comentaron que non crían que se conseguise nada.

Estamos ante o primeiro paso dunha serie de accións que haberá que levar a cabo para revertir o que o Sindicato Nacional de Ensino Privado da FeSP UGT Galicia considera un roubo convertido en subtracción legal vía Orzamentos e DOG.

Neste momento estamos agardando unha entrevista co Conselleiro de Educación; seguiremos informando.

Xuntos podemos máis

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO
DA FeSP-UGT ENSINO**